

CAPÍTULO VII. **Política Social**

Artigo 27. **Modificación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia**

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia queda modificada como segue:

Un. Modifícase a letra b) do número 3 do artigo 40, que pasa a ter a seguinte redacción:

«b) Emitir ditames no eido dos servizos sociais, por instancia da consellería competente en materia de servizos sociais.»

Dous. Engádese un Título XI, coa seguinte redacción:

«TÍTULO XI. Procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia

CAPÍTULO I. Disposicións xerais

Artigo 98. Inicio do procedemento

1. O procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia (en adiante, SAAD), iniciarase a instancia da persoa que poida estar afectada por algún grao de dependencia ou de quen ostente a súa representación.

2. Na mesma solicitude a persoa interesada poderá solicitar o recoñecemento do grao de discapacidade que corresponda dando lugar á tramitación dun único procedemento que rematará nunha única resolución e no que se observará, en todo caso, a normativa estatal de aplicación en materia de dependencia e discapacidade.

3. As solicitudes de recoñecemento do grao de discapacidade que se formulen ao marxe do procedemento de recoñecemento do grao de dependencia regulado nesta lei, rexeranse pola normativa que regula o procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade.

Artigo 99. Solicitude e documentación complementaria

1. A solicitude axustarase ao modelo normalizado dispoñible na sede electrónica e deberá acompañarse da documentación acreditativa da representación no seu caso.

2. No suposto de consentir expresamente a consulta de datos por parte da Administración no modelo de solicitude, non será necesaria a achega de ningunha outra documentación que obre en poder das administracións públicas e poida ser consultada ou recabada pola administración autonómica.

Artigo 100. Presentación de solicitudes

1. As solicitudes poderán presentarse:

- a) Preferentemente de forma electrónica, a través dos modelos normalizados dispoñibles na sede electrónica (<https://sede.xunta.es>).
- b) Presencialmente, no rexistro do concello a que correspondan os servizos sociais comunitarios do domicilio da persoa solicitante ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. As persoas traballadoras sociais da Xunta de Galicia e das entidades locais actuarán como profesionais de referencia das persoas interesadas, informándoas e orientándoas en relación cos trámites do procedemento e as modalidades de recurso máis axeitado en atención ás súas circunstancias, asistíndoas no curso do procedemento e efectuando o seguimento do mesmo. Así mesmo, asistirán ás persoas que o requiriran na cumplimentación e presentación da solicitude.

Artigo 101. Tramitación prioritaria

Tramitaranse prioritariamente as solicitudes de recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do SAAD e, no seu caso, as de recoñecemento do grao de discapacidade que se integren no dito procedemento, cando se atopen nalgún dos seguintes supostos:

- a) Emerxencia social. Entenderase que existe emerxencia social cando da documentación dispoñible, se deduza unha desprotección grave a nivel persoal e de saúde, social e/ou familiar, que requira unha intervención inmediata e ineludible para evitar que a dita situación supoña un risco grave para a vida da persoa solicitante.
- b) Que a persoa interesada sexa menor de 3 anos ou maior de 80.
- c) Que a persoa interesada padeza esclerose lateral amiotrófica (ELA), ataxias rapidamente progresivas, distrofias musculares, escleroses múltiples de evolución rápida, enfermidades metabólicas con trastornos motores ou neoplasias en estadio IV.

Artigo 102. Emenda da solicitude

Se a solicitude non reunise os requisitos esixidos ou non se acompañase da documentación preceptiva, requirirase á persoa solicitante para que, nun prazo de dez días hábiles, emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, teráselle por desistida da súa petición, de conformidade co establecido no artigo 68.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Artigo 103. Valoración

1. A valoración da situación de dependencia e, no seu caso de discapacidade, levarase a cabo mediante a aplicación dos baremos correspondentes, de conformidade co establecido na normativa estatal de dependencia e discapacidade respectivamente.

A estes efectos, no caso de que a persoa solicitante o consentira na solicitude, o órgano competente en materia de dependencia solicitará de oficio aos órganos competentes do Servizo Galego de Saúde o informe de saúde necesario para realizar a valoración.

2. A aplicación do baremo da dependencia e, no seu caso o de discapacidade, corresponderalle ao persoal técnico de valoración, formado por profesionais da área sanitaria e social dependentes dos departamentos territoriais da consellería competente en materia de servizos sociais. Tamén poderá ser aplicado por profesionais da área social da consellería competente en materia de sanidade que presten servizos no municipio onde resida a persoa solicitante ou noutro próximo a el, así como, a través do correspondente instrumento de colaboración formalizado cos respectivos concellos, polas persoas traballadoras sociais destes.

3. Os baremos establecidos normativamente aplicaranse tendo en conta a contorna habitual da persoa solicitante. En particular, naqueles supostos nos que, á vista dos informes existentes, se poida determinar claramente que a súa situación é compatible co maior grao de dependencia, poderase realizar a súa valoración tendo en conta unicamente a documentación que figura no expediente.

4. Só será obrigatoria a comparecencia das persoas nas oficinas públicas dos equipos de valoración, tanto presencial como telematicamente, cando se considere imprescindible tecnicamente para efectuar a valoración, de conformidade co establecido no artigo 19 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

5. No caso de que se solicite o recoñecemento do grao de discapacidade xunto co de dependencia, os órganos competentes en materia de discapacidade e dependencia haberán de coordinarse para que se realice unha única valoración.

Artigo 104. Equipos técnicos de valoración

1. Os equipos técnicos de valoración estarán adscritos á dirección territorial que en cada caso corresponda, sen prexuízo das funcións de coordinación atribuídas ás persoas titulares das xefaturas dos servizos territoriais correspondentes.

2. Cada equipo de valoración estará integrado por un mínimo de tres profesionais. Os equipos de valoración deberán contar na súa composición, en todo caso, con profesionais da área sanitaria e con profesionais da área social, con titulación mínima de grao universitario ou equivalente.

3. As persoas titulares dos servizos de dependencia e discapacidade dos departamentos territoriais poderán dispoñer a actuación conxunta ou individual do persoal técnico de valoración e do persoal asignado aos equipos de valoración en determinados asuntos ou categorías deles, así como reorganizar os equipos de valoración e tomar parte nas súas reunións por razóns de impulso e axilización dos procedementos, coordinación, reparto ou distribución do traballo, ou pola natureza ou complexidade das materias, calquera que sexa, no seu caso, a unidade á que estivera orgánicamente atribuído o coñecemento do asunto.

Artigo 105. Funcións dos equipos de valoración

Serán funcións dos equipos de valoración:

- a) Revisar a información sanitaria, o informe social, de ser o caso, e a restante documentación que conste no expediente ou calquera outra información complementaria e necesaria para os efectos de desenvolver a valoración.
- b) Solicitar, cando as circunstancias concorrentes así o aconsellen, un informe dos servizos sociais co obxecto de valorar a situación socio familiar da persoa solicitante.
- c) Propoñer ditame sobre o grao de dependencia e, de ser o caso, identificar os servizos, recursos e prestacións máis axeitados, atendendo ás preferencias da persoa solicitante. Tamén deberá pronunciarse sobre o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade, cando así se solicitara.
- d) Emitir aqueles informes que lles soliciten as administracións públicas en materia de valoración da situación de dependencia, así como do Programa individual de atención e de discapacidade.
- e) Impulsar medidas formativas en materia de dependencia e discapacidade.
- f) Aqueloutras funcións que lles sexan atribuídas no ámbito do asesoramento e avaliación.

Artigo 106. Ditame-proposta sobre o grao de dependencia e discapacidade

1. Os equipos técnicos de valoración emitirán un ditame proposta que terá en conta o informe de saúde, as valoracións efectuadas polo persoal técnico, o resultado da aplicación do baremo da dependencia e o informe socio familiar dos servizos sociais, de ser o caso, e recollerá a identificación dos servizos, recursos e prestacións máis axeitados, atendendo ás preferencias da persoa solicitante.

2. O ditame-proposta conterá, como mínimo:

- a) Diagnóstico, puntuación do baremo, grao de dependencia.
- b) Carácter permanente ou revisable do grao de dependencia de acordo co seguinte:
 - 1º. No caso de menores de 3 anos, a valoración terá carácter non permanente e estableceranse revisións de oficio periódicas cando os/as menores fagan 6, 12, 18, 24 e 30 meses. Aos 36 meses todos/as os/as menores deberán ser de novo avaliados/as co baremo recoñecido normativamente aplicable para a súa idade.
 - 2º. No caso de menores de idade a partir de 3 anos, estableceranse revisións a realizar de oficio, como mínimo unha revisión por cada tramo de idade en que se divide o baremo, segundo os criterios establecidos no Real decreto 174/2011, do 11 de febreiro, polo que se aproba o baremo de valoración da situación de dependencia establecido pola Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.
 - 3º. Nos demais casos, establecerase un prazo máximo en que se deberá efectuar a primeira revisión do grao resolto cando sexa necesario, en función das circunstancias concurrentes.

3. No caso de que se tivera solicitado o recoñecemento da discapacidade, os ditames-proposta dos equipos técnicos de valoración pronunciaranse en particular sobre este extremo, tendo en conta a información e elementos indicados no número 1. Nestes casos, o contido do ditame-proposta axustarase ao establecido na normativa de discapacidade.

Artigo 107. Programa individual de atención

1. Cando o ditame propoña o recoñecemento da situación de dependencia, os servizos territoriais da consellería con competencias en materia de servizos sociais procederán a elaborar o Programa individual de atención, no cal se determinarán as modalidades e intensidades de intervención máis adecuadas en atención ás necesidades e ao grao de dependencia proposto.

2. O Programa individual de atención terá en conta as expectativas ou necesidades de atención a través dos servizos ou das prestacións económicas do Sistema para a autonomía e atención á dependencia manifestadas pola persoa interesada.

3. O Programa individual de atención incluíra o recurso asignado do Sistema para a autonomía e atención á dependencia e, de ser o caso, aquel ou aqueles recursos que lle correspondan ao interesado mentres non se produza a efectividade do recurso asignado.

No caso dos servizos, indicará a participación da persoa beneficiaria no seu custo e, no caso das prestacións económicas, indicará as contías e data e inicio destas.

CAPÍTULO II. Revisión do grao de dependencia e do Programa individual de atención

Artigo 108. Causas de revisión do grao de dependencia e do Programa individual de atención

1. O grao de dependencia será revisable polas causas establecidas no artigo 30 da Lei 39/2006, do 14 de decembro, e na súa normativa de desenvolvemento. Así mesmo, a revisión do grao de discapacidade, cando así se solicite ao instar a revisión do grao de dependencia, procederá nos supostos establecidos no artigo 12 do Real decreto 888/2022, do 18 de outubro, polo que se establece o procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade.

2. En todo caso, o grao de dependencia revisarase nos seguintes supostos:

- a) No caso de menores de 3 anos, cando os/as menores fagan 6, 12, 18, 24 e 30 meses. Aos 36 meses todos/as os/as menores deberán ser de novo avaliados/as co baremo recoñecido normativamente aplicable para a súa idade.
- b) No caso de menores de idade a partir de 3 anos realizarase de oficio unha revisión por cada tramo de idade en que se divide o baremo, segundo os criterios establecidos no Real decreto 174/2011, do 11 de febreiro, polo que se aproba o baremo de valoración da situación de dependencia establecido pola Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.
- c) Cando as persoas valoradas presenten unha dependencia de carácter permanente, derivada da idade, a enfermidade ou a discapacidade e teñan posibilidades razoables de mellorar o grao de severidade de dependencia valorado.
- d) Cando o propio proceso evolutivo e/ou madurativo, a adaptación a novas situacións, a aparición de novas medidas terapéuticas ou a estabilización poida producir un cambio da situación de dependencia valorada.
- e) Cando o equipo de valoración indique a conveniencia de incorporar produtos de apoio e/ou medidas de mellora da accesibilidade do contorno entre os coidados que poida requirir a persoa en situación de dependencia.
- f) Nos demais casos, no prazo máximo que se estableza na resolución de recoñecemento, en función das circunstancias concorrentes.

3. O Programa individual de atención revisarase nos seguintes supostos:
- a) Cando se produza unha revisión do grao de dependencia recoñecido, sempre que esta implique unha modificación das prestacións económicas ou dos servizos recibidos.
 - b) Polo traslado de residencia á Comunidade Autónoma de Galicia desde outra comunidade autónoma.
 - c) Cando existan circunstancias obxectivas que aconsellen a súa revisión.
 - d) Por proposta do persoal traballador social responsable do seguimento do Programa individual de atención.

Artigo 109. Procedemento de revisión

1. O procedemento de revisión do grao de dependencia e do Programa individual de atención poderá iniciarse de oficio ou a instancia da persoa interesada, mediante o correspondente modelo normalizado dispoñible na sede electrónica, dirixido ao órgano do departamento territorial da consellería con competencias en materia de servizos sociais do domicilio da persoa interesada. Na mesma solicitude poderá solicitar tamén a revisión do grao de discapacidade.

2. Con carácter xeral, o procedemento para a revisión do grao de dependencia e do grao de discapacidade, cando se solicite conxuntamente con aquel, requirirá unicamente a actualización do informe de saúde da persoa interesada e a emisión do ditame-proposta do equipo de valoración. Nos casos de revisión do Programa individual de atención, cando as circunstancias concorrentes así o aconsellen o equipo de valoración poderá solicitar, con carácter previo á emisión do seu ditame-proposta, un informe dos servizos sociais co obxecto de valorar a situación socio familiar da persoa.

3. O ditame-proposta do equipo de valoración emitirase tendo en conta o informe de saúde actualizado e o informe do entomo sociofamiliar emitido polos servizos sociais, de se-lo caso, e recollerá o grao resultante da revisión e a identificación dos servizos, recursos e prestacións máis axeitados, cando sexa preciso modificalos en atención ás novas circunstancias.

CAPÍTULO III. Disposicións comúns ao procedemento de recoñecemento e revisión da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do SAAD

Artigo 110. Resolución

1. A persoa titular do departamento territorial da consellería con competencias en materia de servizos sociais ditará a correspondente resolución que, no seu caso, determinará o grao de dependencia da persoa solicitante e aprobará o Programa individual de atención.

2. A resolución indicará, no seu caso, o carácter permanente ou revisable do grao de dependencia e determinará, cando proceda, o prazo máximo en que se deba efectuar a revisión.

3. O prazo máximo para ditar e notificar a resolución en materia de dependencia será de seis meses contados desde a data en que a solicitude tivese entrada no rexistro do órgano competente para a súa tramitación.

4. No caso de que tamén se solicitara o recoñecemento do grao de discapacidade a resolución deberá pronunciarse sobre ambos extremos e axustarse, no referido a este, ao establecido na normativa de discapacidade. O prazo máximo de 6 meses para notificar e resolver previsto no número anterior será de aplicación ás solicitudes de recoñecemento de grao de discapacidade que se formulen xunto coas de dependencia, tramitándose no mesmo procedemento. O recoñecemento do grao de discapacidade entenderase producido dende a data de presentación da solicitude. Na resolución deberá figurar expresamente a data en que deba ter lugar a revisión, salvo que sexa definitivo.

Artigo 111. Efectividade do dereito ás prestacións económicas en materia de dependencia

1. A efectividade do dereito ás prestacións económicas producirase a partir do primeiro día do mes seguinte ao da data da resolución en que se recoñeza a concreta prestación económica.

2. No caso de que se dite e notifique a resolución, de contido estimatorio, unha vez transcorrido o prazo de seis meses desde a presentación da solicitude, a efectividade do dereito ás prestacións económicas producirase, con carácter retroactivo, a partir do primeiro día do mes seguinte á data en que se cumpra o indicado prazo máximo.

3. Non obstante, nos supostos de persoas solicitantes menores de tres anos, os efectos económicos produciranse nos casos previstos nos números 1 e 2 desde o primeiro día do mes seguinte á data de entrada da solicitude.

Artigo 112. Reclamación administrativa previa

De conformidade co establecido no artigo 71.2 da Lei 36/2011, do 10 de outubro, da xurisdición social, contra a resolución de recoñecemento da situación de dependencia, do dereito ás prestacións do SAAD, da súa revisión e, no seu caso, de recoñecemento de discapacidade, e da súa revisión, a persoa interesada poderá interpoñer, no prazo de trinta días dende a súa notificación, reclamación previa á vía xurisdiccional social.

De conformidade co establecido no artigo 71.5 da Lei 36/2011, do 10 de outubro, formulada reclamación previa, o órgano competente deberá contestar expresamente á mesma no prazo de corenta e cinco días. En caso contrario entenderase denegada a reclamación por silencio administrativo.

CAPÍTULO IV. Coordinación

Artigo 113. Coordinación

De acordo co disposto no artigo 12 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, a Administración autonómica poderá crear comisións sectoriais específicas ou grupos de traballo dos cales formen parte os órganos da Administración autonómica entre os que exista interrelación competencial ou funcional na materia, así como as entidades locais, coa finalidade de impulsar instrucións, acordos e protocolos de actuación conxunta.

Artigo 114. Procedementos de coordinación sociosanitaria

1. En cumprimento do disposto no artigo 11.1º.c) da Lei 39/2006, do 14 de decembro, as consellerías competentes en materia de saúde e de servizos sociais velarán pola coordinación entre o Sistema público de servizos sociais e o sistema de saúde, para garantir unha efectiva atención ás persoas en situación de dependencia.

2. A estes efectos, as consellerías indicadas no número anterior formalizarán un protocolo de coordinación de conformidade co disposto no artigo 11 da Lei 14/2013, de 26 de decembro, no que se articulará a relación orgánica e funcional entre elas co obxecto de establecer as vías de solicitude dos informes de saúde, o formato destes, os tempos de emisión, e os mecanismos e comisións de seguimento do cumprimento do protocolo, co obxecto de asegurar que o persoal técnico e os equipos de valoración dispoñan dos informes con tempo suficiente para cumprir os prazos procedimentais.

3. Aos efectos de asegurar a máxima axilidade e eficacia nos informes de saúde nos procedementos de dependencia e discapacidade, a consellería competente en materia de sanidade, poderá acudir a convenios ou acordos coas mutuas colaboradoras coa Seguridade Social, cumprindo os requisitos establecidos no artigo 82.4.e) do Real Decreto lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social e demais normativa estatal aplicable.»

Tres. Engádese unha disposición adicional décima, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional décima. Sistemas de información da dependencia e da discapacidade

No primeiro semestre do ano 2025 realizaranse as xestións necesarias para que os sistemas de información que dan soporte á tramitación dos procedementos de recoñecemento da dependencia e da discapacidade incorporen:

- a) Os mecanismos de interconexión e comunicación tecnolóxica que optimicen a utilización e o aproveitamento da información en ambos os dous procedementos.
- b) As modificacións tecnolóxicas que sexan necesarias para que o persoal dos servizos centrais e territoriais poida realizar directamente explotacións personalizadas e en tempo real dos datos existentes nos ditos sistemas.»

Catro. Engádese unha disposición adicional undécima, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional undécima. Formación

A Administración autonómica desenvolverá un plan de formación coa finalidade de facilitar a adquisición das competencias e habilidades necesarias para a xestión dos procedementos de dependencia e discapacidade.

En concreto, para as/os traballadoras/es sociais de referencia, realizaranse periodicamente sesións divulgativas, campañas de difusión, instrucións ou calquera outra actuación orientada aos traballadores sociais de referencia, coa finalidade de proporcionarlles información actualizada coas modificacións normativas, novidades de xestión e outros cambios relativos aos procedementos de recoñecemento da situación de dependencia e discapacidade.»

Cinco. Engádese unha disposición adicional duodécima, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional duodécima. Normas de simplificación procedimental

1. Co obxecto de garantir unha efectiva atención da dependencia e discapacidade, e por razóns de simplificación do procedemento de valoración, a consellería competente na materia de servizos sociais, ditará instrucións para facilitar a homoxeneidade das valoracións efectuadas polo persoal técnico e dos equipos técnicos de valoración e a súa aplicación igual a casos análogos.

2. A estes efectos, nas indicadas instrucións procurarase o establecemento de criterios de homologación e equivalencia, de tal maneira que, no caso de que, por aplicación da normativa e baremos de discapacidade, deba recoñecerse un grao de discapacidade nas situacións de dependencia, presumirase, con carácter xeral, que será aplicables as seguintes equivalencias:

- a) Grao de dependencia I: grao de discapacidade do 33%, como mínimo.
- b) Grao de dependencia II: grao de discapacidade do 66%, como mínimo.
- c) Grao de dependencia III: grao de discapacidade do 100%.

3. Non será aplicable a presunción de equivalencia establecida no número anterior naqueles casos nos que, de acordo coa documentación que consta no expediente e coa aplicación do baremo establecido, poida concluírse, polas circunstancias do caso concreto, que o grado de discapacidade da persoa interesada é diferente ao indicado.

4. As presuncións establecidas nesta disposición aplicarase a aquelas persoas que, á data de entrada en vigor desta lei, teñan recoñecida a situación de dependencia e solicitado, pero non resolto expresamente, o recoñecemento de grao de discapacidade, sempre que da información que consta no expediente e, de acordo coa aplicación do baremo, poida concluírse, atendendo ás circunstancias do caso concreto, que o grao de discapacidade da persoa interesada coincide, como mínimo, cos indicados anteriormente.»

Artigo 28. **Modificación do Decreto 246/2011, do 15 de decembro, polo que se desenvolve a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, no relativo aos órganos consultivos e de participación**

Modifícase a letra b) do número 1 do artigo 4 do Decreto 254/2011, do 15 de decembro, polo que se desenvolve a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, no relativo aos órganos consultivos e de participación, que queda redactada do seguinte xeito:

«b) Emitir ditames no eido dos servizos sociais, por instancia da consellería competente en materia de servizos sociais.»

Artigo 29. *Modificación do Decreto 142/2023, do 21 de setembro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do Sistema para a autonomía e a atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes*

O Decreto 142/2023, do 21 de setembro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do Sistema para a autonomía e a atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes, queda modificado como segue:

Un. Suprímense os artigos 8, 9 e 10, que quedan sen contido.

Dous. Suprímese o Título I, así como os capítulos, seccións e artigos 14 a 28 que o conforman.

CAPÍTULO VIII. Igualdade

Artigo 30. *Modificación da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia*

Modifícase a Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, que queda modificada como segue:

Un. Modifícase a letra e) do artigo 175, que queda redactada como segue:

«e) Emitir informe dende a perspectiva de xénero de cada convenio colectivo que se rexistre ante a autoridade laboral, co fin de velar polo respecto ao principio de igualdade. Ditos informes serán remitidos á Comisión Consultiva Autonómica para a Igualdade entre Mulleres e Homes na Negociación Colectiva.»

Dous. Modifícanse as letras l), m) e n) do número 3 do artigo 179, que pasan a ter a seguinte redacción:

«l) Dúas persoas designadas pola consellería competente en materia de medio rural relacionadas cos sectores profesionais nos que a presenza de mulleres é a maioritaria